

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN DOS FERROCARRILES DE GALICIA PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO DO MUSEO GALEGO DO FERROCARRIL E O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE EXHIBICIÓN DOS FONDOS MATERIAIS PROPIEDAD DESTE, A DIVULGACIÓN DESTES ENTRE A SOCIEDADE E O FOMENTO DO TRANSPORTE FERROVIARIO

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, facultado para a formalización deste convenio pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia en relación co Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que é nomeado vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, Javier Arias Fouz, na súa condición de presidente da Fundación dos Ferrocarrís de Galicia, segundo atribución de facultades outorgadas para o efecto.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de vías férreas non incorporadas á rede do Estado, con itinerarios que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e, nos mesmos termos, nos transportes efectuados por estes medios, consonte aos artigos 148.1.5º da Constitución Española e 27.8 do Estatuto de Autonomía.

As referidas competencias son exercidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, centro directivo ao que, consonte ao Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, correspóndelle, entre outras funcións, *"a promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade, e o asesoramento ao departamento nestas materias"* así como *"a programación de investimentos, obras e instalacións de transportes por estrada, ferrocarril, aéreo e por cable e o réxime administrativo, dirección, inspección e control delas no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia"*.



Sen prexuízo do esforzo que nos últimos anos esta administración está a levar a cabo en materia de planificación e execución da oferta intermodal de transporte na Comunidade Autónoma e das infraestruturas do transporte de viaxeiros/as en colaboración coas restantes Administracións públicas e institucións interesadas, tamén é consciente da importancia de conservar e preservar elementos tradicionais representativos dos diferentes modos de transporte, e, máis concretamente, do transporte ferroviario, de xeito tal que se garanta o mantemento deste patrimonio cara o futuro, e se permita o seu emprego como medio de fomento e divulgación desta modalidade de transporte.

Segundo. A Fundación dos Ferrocarrís de Galicia, constituída como fundación de interese xeral galego e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, consonte a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Entre os seus fins, constan nos seus Estatutos a xestión, dirección, mantemento, conservación e promoción do Museo Galego do Ferrocarril. Asemade, tamén se prevé nos seus estatutos como obxectivos velar pola conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada dos seus fondos materiais e documentais de valor histórico ou artístico que garden relación co ferrocarril; a difusión dos aspectos culturais relacionados co ferrocarril e darlle coherencia á política cultural dos ferrocarrís de Galicia; difundir os beneficios socioeconómicos e medioambientais deste medio de transporte; fomentar a investigación sobre o transporte e os seus modos; fomentar o coñecemento e a utilización pola sociedade do transporte por ferrocarril; fomentar o emprego no sector ferroviario e demais sectores indirectamente relacionados con este.

Para o cumprimento destes fins, a Fundación, entre outras actuacións, desenvolve actividades dirixidas a manter e incrementar os fondos do Museo Galego do Ferrocarril así como a promover a súa difusión entre a cidadanía galega.

Terceiro. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera de interese xeral o mantemento e conservación de material histórico do ferrocarril para a súa exposición e difusión a través do Museo Galego do Ferrocarril así como a súa utilización nas actividades desenvolvidas por este museo.

Asemade, a difusión deste patrimonio entre a cidadanía leva á consellería a considerar de especial interese a colaboración coa Fundación dos Ferrocarrís de Galicia co fin de promover actividades relacionadas cos fondos do museo que permitan, por un lado, a súa divulgación entre a sociedade, en aras a atinxir un maior coñecemento deste medio de transporte, e doutro, o fomento do



ferrocarril como modo de transporte sostible, para o cal resulta preciso colaborar coa citada Fundación.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación dos Ferrocarrís de Galicia para garantir o funcionamento do Museo Galego do Ferrocarril e o desenvolvemento das actividades de exhibición dos fondos materiais propiedade deste, divulgación destes entre a sociedade e fomento do transporte ferroviario.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección xeral de Mobilidade, asume o compromiso de financiar con cargo aos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, aplicación orzamentaria 35.08.512A.481.2, código de proxecto 2018-00008, a cantidade máxima de trinta mil euros (30.000 €).

Con cargo a esta axuda, a Fundación dos Ferrocarrís de Galicia satisfará os gastos de explotación que estean vencellados de xeito directo e exclusivo co funcionamento do Museo Galego do Ferrocarril, dende o 1 de xaneiro de 2024.

Asemade, con cargo a dita cantidade tamén financiará o desenvolvemento das actividades de exhibición dos fondos materiais propiedade deste, divulgación destes entre a sociedade e fomento do transporte ferroviario.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DA FUNDACIÓN DOS FERROCARRÍS DE GALICIA

Ademais das obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, a Fundación dos Ferrocarrís de Galicia asume



os seguintes compromisos:

- a) Exhibir os fondos materiais do Museo Galego do Ferrocarril, mediante a súa apertura ao público en xeral. Concretamente, asume o compromiso de abrir de mércores a venres de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas e os sábados, domingos e festivos de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- b) Facilitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a outros órganos integrantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia así como ás entidades instrumentáis integrantes do sector público autonómico, a organización gratuíta de todo tipo de actos e/ou actividades no Museo Galego do Ferrocarril que teñan por obxecto a exhibición dos fondos materiais propiedade deste, a divulgación destes entre a sociedade así como o fomento do transporte ferroviario.
- c) Participar no desenvolvemento de todo tipo de actos e/ou actividades que teñan por obxecto a divulgación dos fondos materiais do Museo Galego do Ferrocarril entre a sociedade ou o fomento do transporte ferroviario, organizados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- e) De conformidade co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 20 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a devandita Lei, a Fundación dos Ferrocarrís de Galicia deberá dar publicidade do carácter público da financiación da súa actividade. En particular, as medidas de difusión que deberá adoptar son as seguintes:
 - Inclusión na páxina web do museo dunha lenda relativa ao financiamento por parte da Xunta de Galicia, así como a inclusión da súa imaxe institucional.
 - Colocación dun cartel na entrada do museo cunha lenda relativa ao financiamento por parte da Xunta de Galicia, así como a inclusión da súa imaxe institucional.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007,



do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

A Fundación dos Ferrocarrís de Galicia xustificará a subvención mediante a presentación da conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

1º. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se faga constar o funcionamento do Museo Galego do Ferrocarril así como as actividades de exhibición dos fondos materiais propiedade deste, divulgación destes entre a sociedade e fomento do transporte ferroviario, desenvolvidas no ano 2024 e os resultados obtidos.

2º. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e da documentación acreditativa do pago.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

e) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3º. Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que



financien as actuacións subvencionadas. Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que sinala que nestes supostos deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, deberá remitir:

a) Resolución de concesión de ditas axudas.

b) Relación de gastos subvencionados, con identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.

4º. Acreditación do cumprimento da obriga de presentar as contas anuais ao protectorado para a súa anotación e depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Gallego de acordo co disposto no artigo 38 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 20 de novembro do ano 2024.

O pago da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada polo beneficiario e pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

SEXTA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para a Fundación do Ferrocarrís de Galicia nas cláusulas deste convenio.



SÉTIMA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Dirección Xeral de Mobilidade e dun representante da Fundación do Ferrocarrís de Galicia. Os referidos representantes serán nomeados por cada unha das partes no prazo máximo de dez días hábiles dende a sinatura do presente convenio.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula segunda.

A Comisión de seguimento asumirá as seguintes funcións:

- Velar polo cumprimento dos fins previstos neste convenio.
- Realizar un seguimento das actuacións e/ou actividades incluídas no presente convenio.
- Estudar e propoñer, de ser o caso, calquera medida que, en relación cos fins do presente convenio, redunde no beneficio dos obxectivos perseguidos co mesmo.
- Emitir informe respecto de calquera dúbida que se suscite na interpretación e /ou aplicación deste convenio.

OITAVA. - RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Son causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) A inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes.



f) A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes

g) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.

NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 nas condicións establecidas na cláusula segunda e cuarta.

DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DECIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).





DECIMO SEGUNDA.- CONSENTIMENTO PUBLICACIÓN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 de 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, de 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 de 3 de agosto).

As partes subscriben dixitalmente o presente convenio.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

O presidente da Fundación dos Ferrocarrís de
Galicia

Diego Calvo Pouso

Javier Arias Fouz

